

## MIRADAS DE TINTA

### «Dong tao»

**Luis Ferrer i Balsebre**

El domingo 22 de enero se inauguró la festividad más relevante del calendario en China, el Año Nuevo, que esta vez viene bajo la advocación del «conejo de agua». Esos días, las familias se reúnen igual que nosotros, degustan platos típicos, se visten de rojo y regalan sobre todo rojos, a los niños y jóvenes, con dinero que simboliza una deseada abundancia. Con el color rojo de la ropa, los farolillos y los fuegos, ahuyentan al Nian, una criatura maligna que aparece en esas fechas. Dicen que los primeros días del nuevo año los chinos no se lavan ni limpian la casa para no espantar la buena suerte con la que suele entrar. Cosas de chinos.

El Año Nuevo chino es la migración más grande del mundo, se estima que cerca de doscientos millones de chinos se desplazan esos días para reunirse con sus familias, y este año, después de la dura experiencia del covid que los ha tenido encerrados tanto tiempo, se esperan muchos más.

Tantos chinos de celebración suponen una oportunidad idónea para cualquier negocio. Uno de los que me ha dejado más ojipláticos es el que han hecho unas granas de Vietnam que —siendo como son ellos de espabilados— se dedicaron a criar con años de antelación un gran número de dong taos o pollos dragón, que constituyen el no va más de las exquisiciones gastronómicas, antaño reservados exclusivamente para los Reyes. Este año se han llegado a pagar 2.000 dólares por un kilo de patas de pollo dragón. Ríase usted de un buen capón.

Decimos que el primero que se atrevió a comerse un centollo tenía que tener mucha hambre, pero miren en Google cómo son esos pollos y luego me dicen si no hacen falta refritos para darles un tiento.

## De preto

### Victoria Canosa Psicóloga

# «O amor comeza por un mesmo»

#### JORGE CASANOVA

San Valentín prepara a invasión anual e pregúntolle a Victoria Canosa (A Coruña, 1968) cousas sobre o amor. Psicóloga psicosanitaria atende consultas en Ourense. Algunhas, non poucas, sobre as consecuencias de namorarse ou de perder o amor.

—**Molitas consultas sobre o amor?**

—Nestes tempos de redes sociais, nos que estamos todos tan expostos, as cuestións do amor son un motivo importante polo que a xente pide axuda. Porque non se ve correspondido ou porque a situación se desvirtúa porque non hai un compromiso. O amor ten que sumar.

—**É un elemento moi perturbador.**

—Seguro. É unha das cuestións más importantes na vida e por iso ás veces non somos quen de racionalizar.

—**Canto dura o amor romántico?**

—Eu non me atrevería a dicir que dura determinado tempo, pero sí que hai etapas. Primeiro aparece ese amor más pasional que fai que esteamos enfeitados coa outra persoa e o habitual é que iso non se poída manter moi tempo. Logo aparecen outro tipo de maneiras de relacionarnos con ese amor. Se conflúen a intimidade, a paixón e o nivel de compromiso nun cóctel equilibrado, o amor pode fluir moi tempo e, nalgúns casos, toda a vida.

—**Ás veces pódese confundir amor con paixón sexual.**

—Sí. Pode que por ese compoñente emocional tan forte, unha atracción física ou sexual se confunda co amor absoluto. Iso non durará no tempo.

—**O amor é moi bonito, pero o de-**

samor é moi amargo. Canto máis se ama, máis se sofre?

—O desamor sempre nos doe porque é unha perda. No tempo que se mantén ese amor apréndense cousas. A medida que te desenamoras vas suavizando a caída e non é tan dura. Polo camiño podes ir aprendendo a non sufrir. Díse que a dor é inevitable, pero o sufrimento é opcional.

—**O amor pódese encarar dun xeito más racional ou vivido «a todo filispín», como díen os de Ferrol.**

—O que eu vexo é que, se o vives a tope, cando falla ou se termina, hai un malestar que cada un xestioná como pode, porque ningún o pode facer por ti. E nese afán de querer manterse nese amor que xa non existe hai unha falla de assumir as decisións de cada quen. E ái aparecen situaciones de moito malestar nas que a xente se cre no dereito de seguir insistindo para que a outra persoa se mantenga na relación. E iso non é bo.

—**Así que o intelixente, en cuestións amorosas, é ser un pouco racional.**

—Home, estaría ben. Sobre todo asumir que pode que eu queira estar con outra persoa, pe-

ro esa persoa tamén ten que querer estar comigo.

—**O amor romántico ten moi ma la prensa ultimamente.**

—Si, porque realmente danse os estereotipos nos que se idealiza o amor e as persoas. Deixamos de estar na realidade e antes ou despois iso ten consecuencias. Eses estereotipos de pertenza non son moi sans nin realistas, porque ningún pertence a ninguén.

—**É más difícil namorarse a medida que se envellece?**

—A idade é un factor, pero non o máis determinante. Depende da historia de cada persoa. Cantá máis idade, máis experiencia de vida e pode que sexa un pouco diferente. Pode que faga que a persoa sexa máis selectiva. Pero se atopas esa persoa especial, pode que o desfrutes máis.

—**Un cravo saca outro cravo? Un amor cura un desamor?**

—Na miña experiencia profesional non me parece unha boa idea, ao menos non tan rápido como a xente pretende. Despois dun desamor é bo estar un tempío con nós mesmos, buscando distancio do acontecido. Un cravo non saca outro cravo, ao menos non tan rápido.

—**As aplicacións de contactos...**

—Son unha maneira de coñecer xente que ás veces non é fácil. Pero creo que a súa breexposición nas redes desvirtúa moioto as relacións. Hai menor esforzo, menor compromiso... Dáme a impresión de que son moi utilitarias,

pero entendo que eu son doutra xeración.

—**San Valentín supón unha certa presión para quem non ten parella.**

—Si, pero cada vez hai máis xenite que non a ten e entende que o feito de tela non garante a felicidade. Ensinañronos que ter parella é o mellor, pero a realidade díos que non.

—**Vivimos con esa presión: os contos infantís, as cancións, a literatura... Todo te leva a desechar o amor.**

—Todas esas mensaxes ao teu redor fan que penses que iso é necesario para ser feliz, pero non é certo.

—**O amor romántico está sobrevalorado?**

—Un pouquín si: Ás veces non se discrimina o bo amor doutras cousas e teríamos que traballar máis o amor propio e logo xa acompañarnos de quen queiramos. O amor comeza por un mesmo, é o xeito de poder disfrutar despois dun amor saudable.

—**Vostede namorou moitas veces?**

—Polo menos, dúas ou tres. E igual podería sacar algunha máis.

—**Celta ou Dépor?**

—Eu son da Coruña, así que Dépor, pero disfruto tamén das vitórias do Celta.

—**Defínase en poucas palabras.**

—Son unha optimista que aprendeu a darlle o valor que corresponde ás pequenas cousas do día a día.

—**Como aproveita o tempo libre?**

—Vivo nun entorno natural, así que me gusta moioto caminar polo monte, estar cos meus, ler e disfrutar da boa compañía. E agora estou aprendendo a tocar o violín.

—**Una canción.**

—Waitin' On A Sunny Day de Bruce Springsteen. É moi enerxética.

—**O más importante na vida?**

—Estar ben cunha mesmá. Axúdanos a que todo o demais sexa un pouquín máis fácil.




ILUSTRACIÓN PILAR CANICOBÀ

**Barral Hermanos S.L.**  
MAQUINARIA AGRÍCOLA - FORESTAL  
INDUSTRIAL E DE XARDÍN  
VENTA E SERVICIO

C/ Muiños, 21  
Tel. 981 872 582. Fax 981 835 210  
15969 ARTES - RIVEIRA (A Coruña)  
barralhermanos@barralhermanos.es  
[www.barralhermanos.es](http://www.barralhermanos.es)

## TU CÉSPED MÁS PERFECTO

ROBOT CORTACÉSPED **iMOW**

Cuidado inteligente,  
mientras tú descansas.

